

## SOLICITAR UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL FIN DE ESTUDOS : **BILATERAL / ERASMUS +**

### REQUISITOS

- ESTAR MATRICULADO NA UDC (no caso do Grao, nun curso superior a primeiro no momento de realizar a mobilidade)
- QUE SEXA A PRIMEIRA MOBILIDADE FIN DE ESTUDOS DENTRO DA TITULACIÓN NA QUE ESTEAS MATRICULADO ou SEGUNDA NO CASO DE QUE A ANTERIOR FÓRA SEMESTRAL ( máx. 12 meses entre ambas)
- IDIOMAS:

IDIOMAS*	ACREDITACIÓN
Inglés B1 completo Francés B1 completo Alemán A2 completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificado / diploma (Anexo II da convocatoria) ou</li> <li>• Superación da proba de nivel que se realizará no Centro de Linguas da UDC (20 e 21 de febreiro de 2015)</li> </ul>
Italiano A2 completo Portugués A2 completo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non é requisito imprescindible presentalo para solicitar unha mobilidade nos países con estas linguas de instrución.</li> <li>• A ORI recomenda a preparación destas linguas antes da realización dunha mobilidade nestes destinos para o bo aproveitamento da estadia.</li> </ul>
Lingua de instrución distinta das anteriores	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificado B1 de inglés / diploma (Anexo II da convocatoria) ou</li> <li>• Superación da proba de nivel que se realizará no Centro de Linguas da UDC (20 e 21 de febreiro de 2015)</li> </ul>

\* Todos os niveis se refiren ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)

\* Advirtese que **as Institucións de destino poden impor requirimentos de idiomas para aceptar as solicitudes dos adjudicatarios erasmus de maior nivel** ao esixido pola convocatoria da UDC. Revisar ditos requirimentos nas propias páxinas web das universidades.

### DESTINOS

- SOAMENTE OS DESTINOS OFERTADOS PARA O TEU CENTRO
- A ORI RECOMENDA QUE CONSULTES OS PLANS DE ESTUDOS E REQUIRIMENTOS PROPIOS NAS PÁXINAS WEB DAS UNIVERSIDADES QUE CHE INTERESEN ANTES DE ENGADILAS Á TÚA SOLICITUDE
- AS TÁBOAS DE EQUIVALENCIAS DEBES CONSULTALAS NO TEU CENTRO OU PEDIRLLAS AO TEU COORDINADOR ERASMUS
- MÁXIMO 5 DESTINOS POR TITULACIÓN

### DURACIÓN

- MÍNIMO: 3 MESES
- MÁXIMO: 12 MESES

### SOLICITUDE

- 1 SOLICITUDE POR PERSOA ( 2 COPIAS EN PAPEL )
- PÓR OS DESTINOS ERASMUS OU BILATERAIS POR ORDE DE PREFERENCIA
- É A TUA RESPONSABILIDADE ESCOLLER SÓ DESTINOS OFERTADOS PARA O TEU CENTRO
- UNHA VEZ IMPRIMIDA A SOLICITUDE TERÁS QUE ENTREGALA NA ADMINISTRACIÓN DO TEU CENTRO CO RESTO DA DOCUMENTACIÓN POR DUPLICADO:
  - CERTIFICADO DE IDIOMAS (no caso de non telo no momento da solicitude poderás rexistrarte para a proba de nivel na web do Centro de Linguas)
  - COPIA DA ÚLTIMA MATRÍCULA OU CERTIFICADO ACREDITATIVO DE ESTAR ADMITIDO NUNHA TITULACIÓN PARA O CURSO 2015 / 2016
- Para programas de doutoramento ler a documentación extra a entregar na propia convocatoria

### CALENDARIO

Publicación da convocatoria	20/01/2015
Límite de presentación de solicitudes	13/02/2015
Realización das probas de nivel	20 e 21/02/2015
Publicación e envío aos centros dos resultados das probas de nivel	26/02/2015
Publicación das listaxes provisionais de selección nos centros	06/03/2015
Fin do prazo de reclamacións fronte ás listaxes provisionais	13/03/2015
Prazo de resolución das reclamacións nos centros	18/03/2015

Envío das listaxes finais de seleccionados e suplentes desde o centro á ORI e publicación das listaxes finais na web da ORI	18/03/2015
Aceptación de destinos outorgados aos estudantes	19/03/2015 - 27/03/2015 Os estudantes serán chamados ordenadamente, mediante e-mail, para que acudan á ORI a efectuar a súa aceptación nunha data determinada dentro deste prazo.

